



## Concello de A Pobra do Caramiñal

---

### PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto que en data 11 de maio de 2017, o actual concesionario da explotación do Parque Eólico Singular do Concello de A Pobra do Caramiñal “PROYECTOS Y DESARROLLOS RENOVABLES. S.L.” con CIF B-15840051 (no sucesivo PDR), comparece perante esta Administración solicitando a transmisión da concesión a favor da marcantil ELEC COAL VM, S.L.U, con CIF B-87140620 (en diante ELEC COAL) e liquidación das débedas que a citada sociedade ten con este Concello.

Visto o informe da Tesourería Municipal mediante o cal se procede ao cálculo das cantidades adebedadas e a súa imputación aos diversos conceptos, tributarios e non tributarios, afectados.

Visto o informe da Secretaría Municipal no cal, en extracto, indícase que é axustado a Dereito a transmisión da concesión por cumprir o cesionario cos requisitos de capacidade económica, técnica e profesional requiridas pola lexislación para a execución do contrato.

Por todo o anteriormente exposto, esta Alcaldía fai a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

**Primeiro.-** autorizar a transmisión da concesión de explotación e mantemento do Parque Eólico Singular e da liña de evacuación de enerxía eléctrica anexa ao mesmo, nos mesmos termos económicos e polo tempo restante da concesión atribuída orixinalmente ao cedente “PROYECTOS Y DESARROLLOS RENOVABLES, S.A.” (en diante “o cedente”) mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de decembro de 2004, ao solicitante “ELEC COAL VM, S.L.U,” (en diante “o cesionario”).

As citadas condicións atópanse contidas no prego de clausulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da corporación en data 7 de novembro de 2004 e no contrato administrativo asinado en data 15 de febreiro de 2005.

**Segundo.-** O cesionario subrrógase na posición do cedente respecto das débedas que, en concepto de tributos e canon pendente de pago ligado á execución da concesión, ten o cedente para con esta Administración.

Estas débedas deberán ser aboadas nun prazo de un (1) mes desde a notificación do presente acordo, quedando a validez da cesión da concesión vinculada ao cumprimento deste punto.

**Terceiro.-** En canto ao canon a abonar en concepto de explotación da concesión, este é

---

### Concello de A Pobra do Caramiñal



## Concello de A Pobra do Caramiñal

---

do 7% da facturación bruta anual que o concesionario obteña pola venda de electricidade xerada polo parque eólico singular do Concello de A Pobra do Caramiñal.

Para a cuantificación do mesmo, por tanto, non se terá en conta os descontos sobre o bruto tales como Axustes mercado diario/intradiario, Sobre coste de desvío, Coste reserva da potencia a subir, a retribución a OMIE, así como a retribución a REE.

O pago regular do canón, de periodicidade anual, efectuarase mediante transferencia bancaria a conta de titularidade municipal con numeración [ES12 2080 0311 1231 1000 0336](https://www.es12.es), ou a que se sinale en cada momento.

Para facer efectivo o pago anual, a concesionaria disporá dun mes a contar dende a data na que cobre o facturado pola enerxía eléctrica do último mes do ano. Dito pago deberá facerse sen previo requirimento da administración, sen prexuízo da capacidade de comprobación das cantidades declaradas ou pagadas por parte da concesionaria.

Mediante o abono do canón establecido no paragrafo primeiro deste punto, o Parque Eólico Singular do concello de A Pobra do Caramiñal cumpre co requisito establecido no artigo 21.b) do Decreto 302/2001, do 25 de outubro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia,

**Cuarto.-** O cesionario deberá facer efectiva a constitución dun aval, na caixa da Corporación, de 120.000 euros. Dita garantía terá que ser constituída en calquera das formas recollidas no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público.

Esta deberá facerse efectiva no prazo de 10 días desde a notificación do presente acordo, quedando a cesión condicionada o cumprimento desta obriga, sen que queda a devolución do aval presentado polo concesionario orixinal ata a constitución do aval do cesionario.

**Quinto.-** O cesionario, se no momento da cesión non estivese xa depurada a situación xurídica do Parque Eólico poderá, por subrogación na posición do cedente, realizar os trámites necesarios para a obtención da preceptiva licencia de execución do Parque Eólico Singular e da extensión das liñas eléctricas anexas ao mesmo, as cales foron orixinalmente concedidas a “PROYECTOS Y DESARROLLOS RENOVABLES, S.A.” por acordos de Xunta de Goberno Local de data 3 de agosto de 2009 e 1 de xullo de 2011, e foron declaradas nulas por resolución xudicial de data 23 de xullo de 2015 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº2 de Santiago.

No caso de non optar pola subrogación durante a tramitación do expediente de concesión da licencia anteriormente mencionada, deberá tramitarse o preceptivo cambio de titularidade no momento da concesión da mesma.

**Sexto.-** Dease traslado do presente acordo ao cedente, ao cesionario, aos servizos de

---

## Concello de A Pobra do Caramiñal



## **Concello de A Pobra do Caramiñal**

---

Intervención e Tesourería do Concello, aos efectos contables e económico-financieiros que correspondan derivados da cesión, e a calquera outro organismo que por razón da materia deban tomar razón do presente acordo.

O Alcalde

---

**Concello de A Pobra do Caramiñal**

C/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 (A Coruña). Tfno. 981843280. Fax: 981831192